

Normas

Os participantes e gañadores do Maratón son en todo momento os propietarios dos dereitos de autor das fotografías presentadas e premiadas. A Organización resérvase o dereito para reproducir total ou parcialmente as fotografías premiadas, e resérvase o dereito á súa publicación e exhibición por todo o mundo e indefinidamente por calquera medio para a difusión e promoción deste Maratón Fotográfico ou seguintes. Os gañadores renuncian a reclamar calquera tipo de remuneración á Organización polo uso das fotografías premiadas, a condición de que se utilicen para a difusión e promoción deste Maratón Fotográfico ou seguintes.


A Organización resérvase o dereito a non admitir a concurso as fotografías que non cumpran os requisitos ou que poidan atentarse contra a sensibilidade ou dereitos de terceiras persoas. A Organización se reserva a facultade de resolver calquera continxencia non prevista nas bases.

A Organización non se responsabiliza de posibles deterioracións tanto nos arquivos presentados como nos soportes entregados para a súa descarga. A Organización non se responsabiliza das perdas ou danos persoais ou materiais dos concursantes e/ou acompañantes, propios ou de terceiros. A Asociación Cultural Fotoforum Compostela queda facultada para resolver as posibles controversias que poidan xurdir na interpretación das presentes normas.

A participación neste concurso implica a total aceptación das bases e a decisión do Xurado, renunciando a calquera reclamación legal neste sentido.



COMPOSTELA
É FEMININA



Compostela é Feminina

Desde a Asociación Cultural Fotoforum Compostela queremos desenvolver unha actividade de compromiso coa sociedade sobre o tema da igualdade entre homes e mulleres. Romper estereotipos e promover a sensibilización cidadá.

Nunha sociedade fortemente icónica como a nosa, onde o poder da imaxe é universal, organizamos o maratón fotográfico COMPOSTELA É FEMININA.

Vivimos un momento preocupado pola igualdade de xénero. Pero isto non sempre foi así.

Inda sobreviven estereotipos sociais

As mulleres son DEPENDENTES e os homes valentes. As mulleres son SENSIBLES e DELICADAS, e os homes bruscos e duros. Elas son mellores coidadoras que eles e son máis aptas para as TAREFAS DOMÉSTICAS. As mulleres son MENOS ACTIVAS sexualmente que os homes. Os nenos son máis activos e violentos; as nenas máis PASIVAS E REFLEXIVAS. As mulleres vístense para SEDUCIR ou SER SEDUCIDAS. Os homes pensando no seu rol profesional ou con pezas deportivas. As mulleres son máis CONSUMIDORAS que os homes, e eles mellores tomando decisións sobre o diñeiro.

REFLEXIONEMOS sobre a igualdade de xénero e a presenza da muller na sociedade.

Mecánica Maratón

Duración de 11:00 a 14:00 h. Sábado 19/11/2016.

A temática do Maratón *Compostela é feminina* é única e igual para os participantes de todas as categorías.

As fotografías presentadas terán que ser realizadas o mesmo día do Maratón, de acordo ás indicacións e directrices impartidas pola Organización.

As fotografías terán que ser inéditas e non ser premiadas nin recoñecidas ou seleccionadas noutros concursos. Todas as fotografías deberán realizarse dentro dos límites do Concello de Santiago.

Recepción das fotografías

Os participantes entregarán a súa fotografías a través de correo electrónico na seguinte dirección actividades@fotoforumcompostela.com, indicando claramente o nome do participante e categoría.

Data límite de recepción de fotografías: martes 22/11/2016. Non se aceptará ningunha fotografía presentada fóra deste prazo. Máximo de fotografías a presentar por participante/categoría 8.

Os participantes deberán entregar cada fotografía nun arquivo cun tamaño máximo de 10 Mb e en formato JPEG. As fotografías presentadas terán que ser realizadas o mesmo día do Maratón.

Xurado e fallo

Os criterios de avaliación do Xurado serán a creatividade, a orixinalidade e a calidade fotográfica. A selección dos gañadores será decisión absoluta do Xurado e o seu veredicto será definitivo e inapelable.

Recorrido

Saída: 11:00 Palco da Música no Parque da Alameda.
Meta: 14:00 Aula Gastrocultural da Praza de Abastos.

Itinerario: Alameda (Palco da Música)- Rúa San Clemente - Costa do Cristo - Praza do Obradoiro - Rúa do Franco - Rúa de Fonseca - Praza de Praterías - Rúa de Xelmírez - Rúa da Fonte Sequelo - Rúa do Preguntoiro - Praza de Cervantes - Rúa da Algalia de Abaixo - Praza de Salvador Parga - Rúa das Casa Reais - Rúa das Ánimas - Rúa de San Bieito - Rúa de Santo Agostiño - Rúa das Ameas - Praza de Abastos (Aula Gastrocultural).

Distancia: 1,7 km.



FOTOFORUM
COMPOSTELA

